

Referencia:	2018/00010398A
Procedemento::	Expedientes de aprobación y cobro de padrones tributarios
Interesado:	CONCELLO DE BANDE , CONCELLO DE A BOLA , CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO , CONCELLO DE ESGOS , CONCELLO DE LAROUCO , CONCELLO DE PUNXIN , CONCELLO DE RAMIRAS , CONCELLO DE RUBIA , CONCELLO DE VEREA , CONCELLO DE ENTRIMO , CONCELLO DE O BOLO , CONCELLO DA GUDIÑA , CONCELLO DE PADRENDA
Representante:	
SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN (1298)	

COBRANZA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA, CANON DA AUGA, SUMIDOIROS, SANEAMENTO, VERTIDOS, DEPURACIÓN, CONSERVACIÓN DE CONTADORES, E TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE VARIOS ANOS DOS MUNICIPIOS QUE SE RELACIONAN.

En exercicio das facultades delegadas polos concellos que se relacionan e asumidas por esta Corporación Provincial para a xestión tributaria e recadatoria, publícase e ponse en coñecemento dos contribuíntes e demais interesados o seguinte:

1.-Cobranza de tributos en período voluntario: de conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, anúnciase a cobranza en período voluntario, co seguinte detalle:

a) Tributo ao cobro:

- Taxa polo subministro de auga, canon da auga: **Bande 3º trimestre de 2018, Bolo 1º trimestre de 2018, Gudiña A 4º trimestre de 2017, Padrenda 3º trimestre de 2018.**
- Taxa polo subministro de auga, canon da auga, sumidoiros: **Bola A 3º trimestre de 2018, Entrimo 2º trimestre de 2018, Rubia 3º trimestre de 2018.**
- Taxa polo subministro de auga, canon da auga, sumidoiros, depuración: **Punxín 3º trimestre de 2018.**
- Taxa polo subministro de auga, canon da auga, conservación contadores, sumidoiros, depuración: **Castrelo de Miño 3º trimestre de 2018, Ramirás 3º trimestre de 2018.**
- Taxa polo subministro de auga, canon da auga, saneamento: **Verea 3º trimestre de 2018.**
- Taxa polo subministro de auga, canon da auga, vertidos: **Esgos 3º trimestre de 2018.**
- Taxa polo subministro de auga, canon da auga, taxa pola recollida de lixo: **Larouco 3º trimestre de 2018.**

b) Prazo de pagamento en voluntaria: a cobranza en período voluntario terá lugar desde o día 20 de decembro de 2018 ao 20 de febreiro de 2019.

c) Lugar e forma de pagamento: os contribuíntes recibirán no seu domicilio os impresos dos recibos-resgardo de pagamento, que deberán aboar en calquera oficina de Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, B.B.V.A., Banco Santander, Banco Sabadell/Gallego, Caixabank (entidades colaboradoras) no prazo antes mencionados do 20 de decembro de 2018 ao 20 de febreiro de 2019, en días hábiles, no horario establecido polas entidades. Se algún contribuínte non recibe no seu domicilio os referidos impresos, poderá solicitar duplicado nas oficinas de recadación desta deputación, e advírtese de que o feito de non recibiren os impresos non exime da obrigaón de efectuar o pagamento no prazo mencionado, sempre que figure como contribuínte nas listas cobratorias. Para a validez do pagamento, os impresos deben estar referendados por impresión mecánica ou sinatura autorizada da correspondente oficina da entidade bancaria.

2.- Padróns e listas cobratorias

Por Decreto do Sr. Deputado de Facenda aprobáronse os padróns e listas cobratorias dos mencionados tributos, que comprende os suxeitos pasivos, o feito imponible e a débeda tributaria, quedando expostos ao público os devanditos documentos nos respectivos concellos e nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta Deputación, durante o prazo de 1 mes a partir da publicación desta anuncio no BOP, para exame e alegacións ou reclamacións que se estimen pertinentes, servindo este anuncio de notificación colectiva dos referidos tributos de cobro periódico por recibo, conforme ao artigo 102.3 da Lei xeral tributaria.

3.- Recursos

Ademais das alegacións ou reclamacións antes mencionadas, contra os datos das listas cobratorias e liquidación tributaria dos referidos tributos, os interesados poden formular recurso de reposición ante esta Presidencia, no prazo de 1 mes desde a publicación deste anuncio, de conformidade do disposto nos artigos 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora das facendas locais; ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, e non se poderán utilizar simultaneamente os dous tipos de recurso, e a súa presentación non suspenderá a tramitación e os actos recadatorios, agás que o acorde o órgano competente con suxeición ao procedemento establecido.

Respecto á repercusión do canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económica-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Xunta de Galicia no prazo de 1 mes desde a publicación deste anuncio de conformidade co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

4.- Procedemento de constrinximento

Advírtese que os recibos non aboados no prazo de pagamento en voluntaria incorrerán na recarga de constrinximento do 20%, 10% ou o 5% segundo proceda, xuros de demora e custas do procedemento, de ser o caso, procedéndose ao seu cobro por vía executiva, conforme aos artigos 28 e seguintes da Lei xeral tributaria e concordantes do Regulamento xeral de recadación.

Respecto ao canon da auga, advírtese que a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento, pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

5.- Información ao contribuínte

Os interesados poden solicitar a información que necesiten dos concellos respectivos nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta Deputación, rúa Cruz Vermella de Ourense, en días hábiles e horario de oficina, ou chamando ao teléfono 988 317 720.

Asinado electrónicamente por ROSENDO LUIS
FERNANDEZ FERNANDEZ - 36003910D
O Deputado delegado de Facenda,
(P.D.: Decreto16/07/2015)
17/12/2018 - 8:26:03

Negociado do B.O.P.